



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
ANTÓN ALONSO RÍOS



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE invirte no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

PLAN ANUAL DE PROGRAMAS E CONVOCATORIAS. CURSO: 2023-24

IES ANTÓN ALONSO RÍOS

O IES Antón Alonso Ríos é un centro que ten unha longa tradición na participación e desenvolvemento de proxectos e iniciativas que cada vez ocupan un lugar máis central na actividade docente.

Tal e como se recolle na Concreción Curricular, o centro poderá participar en proxectos, plans e programas cando haxa unha iniciativa coordinada por unha ou un docente. Deste xeito, a dirección difundirá entre o profesorado interesado as convocatorias dos proxectos ou plans que poidan ser do seu interese. Cando haxa máis dun proxecto ou iniciativa para unha mesma convocatoria e soamente sexa posible a presentación dun único proxecto por centro, terase en conta os seguintes criterios: número de alumnas e alumnos participantes, número de niveis e presenza de grupos pertencentes á ESO, Ciclos e Bacharelato, número de docentes que participan na iniciativa e número de departamentos, coordinacións e equipos integrantes. Así, ante unha situación de selección, terá preferencia o proxecto que integre a un maior número de alumnos e alumnas e no que participe dun xeito interdisciplinar o profesorado.

Sempre que os plans, proxectos ou convocatorias estén relacionados con contidos curriculares ou os elementos transversais recollidos na lexislación actual serán susceptibles de ser valorados. A maiores, terase en conta na valoración a necesidade de recursos humanos e materiais para o desenvolvemento do proxecto en cuestión, polo que a aprobación da participación do centro estará sempre suxeito a que non implique unha redución de recursos, humanos ou materiais, e/ou modificacións organizativas relevantes. Nestas circunstancias a participación terá que ser valorada polos órganos competentes: Equipo Directivo, Consello Escolar e ou Claustro.

Fóra dos criterios anteriormente citados, neste plan para o curso 2023-24 defínense os seguintes obxectivos xerais:

- Fomentar a participación en proxectos, convocatorias e plans co fin de promover o deseño e implementación de proxectos cooperativos como ferramenta para a potenciación das aprendizaxes do alumnado.
- Situar os elementos transversais do currículo como pezas claves á hora de plantexar o desenvolvemento dos proxectos.
- Aumentar a colaboración interdepartamental no desenvolvemento de proxectos.
- Obter recursos para a inversión en ferramentas e materiais necesarios no desenvolvemento dos proxectos e actividades.
- Promocionar as actividades realizadas e as aprendizaxes adquiridas polo alumnado entre a comunidade educativa.

Indícanse a continuación os proxectos e plans nos que participará o centro no curso 2023-24:



Plan Proxecta	
Proxectos de vida activa e deportiva	<p>OBXECTIVOS Promover hábitos de vida activa e saudable. Incrementar a actividade física diaria do alumnado, tanto dentro como fóra do horario lectivo. Dar a coñecer as actividades deportivas que se realizan no centro. Dar a coñecer os recursos existentes ao alcance da comunidade educativa para levar unha vida activa. Dinamizar e promover hábitos de vida activa e saudable. Participar en actividades deportivas con alumnado de outros centros. Fomentar a convivencia con alumnado doutros centros. Coñecer as distintas modalidades deportivas e os seus regulamentos. Gozar da actividade física en diferentes contornos como un medio de ocio e de saúde. Fomentar a responsabilidade, obxectividade e a importancia de coñecer e cumprir as normas. Tomar concienciación dos beneficios da actividade física na saúde</p> <p>PARTICIPANTES Profesorado: 12 Alumnado: ESO, Bacharelato e Ciclos</p>
Galicons-net	<p>OBXECTIVOS Fomentar a conciencia global e crítica no alumnado co fin de xerar aprendizaxes significativos da importancia dun consumo responsable e da igualdade de xénero Reflexionar sobre o impacto do noso consumo no medio ambiente así coma nas relacións económicas e sociais actual, especialmente no contexto local do alumnado. Abordar e reflexionar sobre a importancia de reducir e eliminar todo tipo de violencia de xénero entre o alumnado. Achegar ao alumnado recursos para unha análise crítica . Fomentar a participación do alumnado en accións que incidan na mellora do seu contorno local e que sexan complementarias os contidos impartidos nas clases. Desenvolver no alumnado un pensamento crítico e independente e fomentar a reflexión sobre os aspectos éticos, solidarios e ambientais que determinan a responsabilidade no consumo. Fomentar que o alumnado actúe na sociedade de maneira informada, de xeito que poida elixir, con pleno coñecemento, entre os bens e servizos e coñecer os seus dereitos e deberes. Fomentar que as persoas consumidoras e usuarias actúen de maneira informada, coñecendo os seus dereitos e deberes</p> <p>PARTICIPANTES Profesorado: 3 Alumnado: 1º Bacharelato</p>



<p>Correspondentes xuvenís</p>	<p>OBXECTIVOS Conformar un equipo de alumnas e alumnos con vontade de continuidade, de xeito que se dea secuencia á actividade nos anos seguintes. Estimular, practicar e desenvolver no equipo de alumnado participante as competencias en comunicación lingüística, cívico-social e de iniciativa e emprendemento, mediante a produción e transmisión de contidos en formato escrito, audiovisual e cara-a-cara co público albo. Estimular, practicar e desenvolver no equipo de alumnado participante a competencia dixital, mediante a creación, administración e difusión dun blog específico, dun podcast na radio escolar, de perfís nas redes sociais e de cartelería no centro. Estimular, practicar e desenvolver no equipo de alumnado participante a competencia de conciencia e expresión cultural, mediante o coñecemento e a valoración de diferentes convocatorias sobre aspectos diversos da realidade social. Estimular, practicar e desenvolver no equipo de alumnado participante a competencia plurilingüe, pois os contidos serán partillados tamén en portugués e ofrecerase a opción de facelo noutras linguas. Ademais, buscaranse parceiros en centros de ensino portugueses para accións de intercambio de información, sexa directamente entre centros, sexa a través da plataforma E-Twinning (European School Education Platform). Estimular, practicar e desenvolver en todo o alumnado do centro todas as competencias esenciais, con énfase na cívica e social (acceso a información relevante e veraz) e nas de expresión artística e vida saudable (participación en certames artísticos e eventos deportivos). Crear na comunidade escolar, e sobre todo no alumnado destinatario, a necesidade de continuidade do proxecto. Que sexa algo ao que as persoas se acostumen e que non queiran perdelo, por velo como unha ferramenta útil e beneficiosa.</p> <p>PARTICIPANTES Profesorado: 2 Alumnado: 4ºESO</p>
<p>Programas de Éxito Educativo</p>	
<p>Acreditación LE alumnado de centros públicos</p>	<p>OBXECTIVOS O obxectivo principal das probas é acreditar a competencia en lingua estranxeira do alumnado nos niveis B1, B2 ou C1 descritos no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas do Consello de Europa (en diante, MCERL). Profesorado participante: 4 Niveis: 2ºBacharelato</p>
<p>E-DIXGAL: Educación Dixital</p>	<p>BREVE DESCRICIÓN É unha iniciativa que buscar crear unha aula dixital. Son aulas que dispoñen dun encerado dixital interactivo, dun proxector, dun equipo para o profesorado, e dun equipo para cada un dos alumnos e alumnas. Ademais as aulas contan con conexión WIFI para que o alumnado e o profesorado poda acceder aos contidos dixitais e seguir a actividade educativa na aula desde o seu equipo.</p> <p>PARTICIPANTES Profesorado: 52 Alumnado: ESO</p>
<p>Club de Ciencia</p>	<p>OBXECTIVOS No noso primeiro ano de andadura realizaremos o Proxecto <i>¿A ciencia preto de nós¿</i>. Realizaremos experiencias relacionadas co entorno do noso alumnado, comezando polo noso corpo e a nosa casa e seguindo co noso centro e a súa contorna. Deste xeito queremos mostrar que a Ciencia está a carón de nós. Polo cal propoñemos os seguintes bloques de experiencias: Bloque 0: Procura dun nome e un logotipo para o noso Club de Ciencia. Bloque 1: Normas do laboratorio e presentación e emprego do material de laboratorio Bloque 2: Hixiene e Saúde a Ciencia en <i>¿Nós¿</i>: Bloque 3: A Ciencia no noso centro Bloque 4: Ecoloxía, a contorna do noso centro Bloque 5: Clausura do Club de Ciencia</p> <p>PARTICIPANTES Profesorado: 24 Alumnado: ESO, Bacharelato e Ciclos</p>



<p>Contratos Programa Innova</p>	<p>OBXECTIVOS</p> <p>Manter as iniciativas e proxectos innovadores coma o "Proxecto interdisciplinar" ou a iniciativa de "Ciencia en movemento", así como o Congreso Científico.</p> <p>Incorporar a Contratos Programas iniciativas e actuacións xa existentes como as Charlas de saúde e educación sexual levadas a cabo nos niveis de FPBásica.</p> <p>Fomentar a participación dos diferentes departamentos nas iniciativas de Contratos-Programa.</p> <p>Promover o desenvolvemento de iniciativas interdisciplinares e innovadoras no centro.</p> <p>Colaborar no deseño e aplicación de proxectos que inclúan estratexias motivadoras alternativas.</p> <p>Promover a adquisición de aprendizaxes significativas a través de métodos colaborativos que fomenten as ensinanzas por descubrimento.</p> <p>Ligar Contratos-Programa ao futuro espazo "Polos Creativos</p> <p>Mellorar o tratamento de residuos no centro.</p> <p>Actualizar a documentación dos procedimentos administrativos comúns.</p> <p>Modalidades nas que participa o centro:</p> <ul style="list-style-type: none"> • EDUinnova. O centro docente como entorno innovador de aprendizaxe a través da mellora permanente. • EDUexcelencia. O centro docente como promotor da excelencia a través do afondamento nun ámbito de coñecemento. • EDUsaúde. O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables • EDUsostibilidade. O centro educativo comprometido cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) <p>PARTICIPANTES</p> <p>Profesorado: 30</p> <p>Alumnado: ESO, Bacharelato e Ciclos</p>
<p>Contratos Programa (CPInclúe)</p>	<p>OBXECTIVOS</p> <p>Promover a innovación didáctica empregando a Ópera como medio para fomentar valores asociados a igualdade e a tolerancia.</p> <p>Reducir o fracaso escolar e o abandono entre o alumnado de Formación Profesional Básica.</p> <p>Poñer en valor o respecto, a tolerancia e a inclusión como valores de convivencia, así como o respecto aos espazos e mobiliario do centro educativo.</p> <p>Mellorar a convivencia no centro mediante o mantemento da mediación como medio para a resolución de conflitos.</p> <p>Xerar espazos inclusivos que visibilicen a inclusión, a tolerancia e a igualdade.</p> <p>Incrementar a visibilizade de espazos, accións e iniciativas do Equipo de Coeducación e igualdade.</p> <p>Fomentar a educación emocional entre o noso alumnado establecéndoo como valor do centro.</p> <p>Promover a creatividade artística e musical do noso alumnado.</p> <p>Adaptar as metodoloxías do profesorado ás limitación da contorna.</p> <p>Modalidades nas que participa o centro:</p> <ul style="list-style-type: none"> • QUÉDA-T (Prevención do abandono temperán e do absentismo escolar) • IGUÁLA-T • CONVIVE-T • INCLÚE-T • EMOCIÓNA-T <p>PARTICIPANTES</p> <p>Profesorado: 30</p> <p>Alumnado: ESO, Bacharelato e Ciclos</p>



<p>Intercambio de alumnado con Francia. EduFrance</p>	<p>OBXECTIVOS Practicar os contidos comunicativos, lingüístico-lexicais traballados na aula. Mellorar a competencia lingüística. Crear unha comunidade de aprendizaxe plurilingüe para a adquisición integradora de linguas estranxeiras. Salientar a importancia do coñecemento doutras realidades culturais, respectando a diversidade social, lingüística e cultural de cada rexión. Favorecer os vínculos de unión entre Galicia e as Régions Académiques francesas para futuros proxectos pedagóxicos conxuntos. Profundizar nas identidades rexionais respectivas. Reforzar a toma de conciencia da realidade de Europa, da interculturalidade e dos valores de pluralismo e tolerancia. Eliminar a fenda intercultural e social existente. Garantir a inclusión efectiva e a igualdade de oportunidades de alumnado con dificultades de aprendizaxe e con procedencias sociais e culturais diferentes. Internacionalizar os procesos de ensino-aprendizaxe do noso centro. Aumentar a motivación e as oportunidades de desenvolvemento persoal.</p> <p>PARTICIPANTES Profesorado: 3 Alumnado: 4ºESO e 1º Bacharelato</p>
<p>Polos Creativos</p>	<p>OBXECTIVOS Os Polos Creativos son espazos educativos innovadores cun deseño modular e innovador, dotados de equipación especializada, que ocupan espazos físicos definidos nos centros educativos, están organizados didacticamente para fomentar:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● a creatividade a través da superación de retos, ● a consecución de proxectos, a resolución de problemas, ● a realización de prototipos, ● a construción de resultados tanxibles, etc. <p>Enfocanse á aprendizaxe conxunta, colaborativa e comunitaria. Tamén poden albergar prácticas de investigación e experimentación. A súa visión é ampla, integrando o coñecemento en retos tecnolóxicos e dixitais en todos os campos do saber (humanidades, arte, ciencias sociais e naturais, artesanía, etc).</p> <p>Funcionan como centro de actividades no que se traballa a intelixencia artificial e outras tecnoloxías intensivas, o procesado audiovisual e artístico, a realidade virtual e a impresión 3D, as tecnoloxías de control computerizado e fabricación aditiva, o mecanizado de diferentes materiais, a electromecánica, a robótica e os microcontroladores, entre outras.</p> <p>PARTICIPANTES Profesorado: 65 Alumnado: ESO, Bacharelato e Ciclos</p>
<p>Programas Bibliotecas</p>	
<p>PLAMBE</p>	<p>OBXECTIVOS Actualizar os fondos bibliográficos e incremento do fondo audiovisual e a banda deseñada. Pormover a creación de laboratorios creativos de aprendizaxes. Zonificar a biblioteca para espazo de traballo, espazo informal e espazo de reunión. Organizar os horarios e a xestión do uso da biblioteca. Dinamizar e promover os recursos da biblioteca para a súa integración no currículo e na promoción da alfabetización múltiple.</p> <p>PARTICIPANTES Profesorado: 11 Alumnado: ESO, Bacharelato e Ciclos</p>



Radio na Biblio	<p>OBXECTIVOS Fomentar a Radio como medio para o desenvolvemento de iniciativas e proxectos entre o profesorado e o alumnado. Desenvolver proxectos concretos entre o alumnado de 2ºESO. Formar ao alumnado e o profesorado no uso da Radio na Biblio. Coordinar actuacións colaborando coa Radio do centro (Radio Mocidade).</p> <p>PARTICIPANTES Profesorado: 11 Alumnado: ESO, Bacharelato e Ciclos</p>
Club de Lectura	<p>OBXECTIVOS En relación co Proxecto Lector de Centro, cos nosos clubs de lectura buscamos lograr un impacto alto na competencia lectora dos participantes, xa que é unha actividade voluntaria que se realiza fóra das aulas e no tempo de lecer dos participantes. O Club de Lectura ten as seguintes finalidades, en consonancia cos obxectivos da nosa biblioteca escolar e proxecto lector do centro: Facer da lectura unha fonte de pracer lector, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo. Vencellar a literatura con outras artes ou campos do saber, en relación con materias e ciclos do centro. Promover lecturas nos idiomas oficiais de Galicia, con predominio da lingua propia. Dinamizar o espazo da biblioteca, para convertelo nun lugar en que se debata, busque, xogue, cree... Proxectar as actividades organizadas ao resto da comunidade e abrir así vías de interese e participación.</p> <p>PARTICIPANTES Profesorado: 1 Alumnado: ESO, Bacharelato e Ciclos</p>
Bibliotecas Escolares Solidarias-Voluntariado	<p>OBXECTIVOS Estimular o voluntariado cultural en relación coas bibliotecas e a lectura entre o alumnado dos niveis non universitarios e as súas familias, nos centros públicos de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Recoñecer as horas de voluntariado na biblioteca escolar, para o alumnado colaborador, mediante a emisión de diplomas de acción voluntaria correspondentes. Favorecer a formación de actitudes de colaboración e de solidariedade entre o alumnado galego, especialmente no ámbito cultural, que poderá materializarse en actividades de colaboración relacionadas coa biblioteca escolar ou a través de actividades de lectura compartida ou de traballo coa información, organizadas pola biblioteca, dentro ou fóra do centro.</p> <p>PARTICIPANTES Profesorado: 1 Alumnado: ESO</p>
Aula de Emprendemento	
<p>OBXECTIVOS Coordinar a actividade emprendedora nos seus respectivos centros educativos. Potenciar desde as ensinanzas de Formación Profesional os proxectos de creación de pequenas e medianas empresas, facilitando espazos e colaboración para o apoio de iniciativas emprendedoras. Promover o emprendemento como marca do alumnado de Formación Profesional, capaz de contribuír á xeración de valor nas empresas. Promover o emprendemento social entre o alumnado de Formación Profesional. Ofrecer un marco de traballo colaborativo e de difusión de actividades e iniciativas para todos os centros educativos con Aula de emprendemento. Facilitar a formación necesaria en materia de emprendemento ao profesorado e ao alumnado de Formación Profesional. Celebrar diferentes actividades de emprendemento destinadas ao alumnado de Formación Profesional. Promover relacións con institucións, empresas ou outras entidades colaboradoras que participen en iniciativas emprendedoras.</p> <p>PARTICIPANTES Profesorado: 12 Alumnado: Ciclos</p>	
LÓVA	



BREVE DESCRICIÓN

LÓVA (La Ópera, un Vehículo de Aprendizaje) é un proxecto educativo que se realiza en centros educativos, onde o profesor titor convirte a súa aula nunha compañía de ópera. A clase dedica o curso completo a formar a compañía a través da organización de grupos profesionais. LÓVA intégrase no currículo e ten como obxectivo o desenvolvemento de comtencias clave e realízase sempre en horario lectivo, e insíbese no horario das diferentes materias e ocupa un curso escolar completo.

PARTICIPANTES

Profesorado: 12

Alumnado: 2ºESO E

Outras convocatorias e plans

- Axudas para o suministro de froita e leite (Fondo Galego de Garantía Agraria)
- DepoEmprende (Deputación de Pontevedra)